



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 723 Semana do 27 de marzo ao 2 de abril de 2017

EN RELACIÓN AO COMEZO DA CRISE, OS VALORES DO PIB REMONTAN PERO BAIXA A OCUPACIÓN E AUMENTA O PARO**AÍNDA QUE A ECONOMÍA MEDRA, GALICIA SEGUE SEN RECUPERAR EMPREGO****O PIB, en relación ao 2007, medra en máis de 1.600 millóns de euros, mentres que a ocupación baixa un 12 por cento e o paro sube en 107.800 persoas**

Redacción.- Dende UGT-Galicia insítese en que non se poden seguir enviando mensaxes triunfalistas á sociedade referidas ao crecemento económico de Galicia cando se detecta que, se ben é certo que en termos macroeconómicos os datos son bos, tamén o é que esta mellora non está a chegar ás familias.

Esta realidade, que o Sindicato ven reiterando, respáldase non só nunha percepción do que acontece, senón en datos e estatísticas totalmente obxectivos e irrefutables. Tócalle á Administracións galega artellar todas as medidas necesarias para que a macroeconomía, que tanto publicita, e a economía dos fogares vaian dunha vez por todas da man. E que sexan os cidadáns os primeiros en percibir a saída da crise cunha diminución significativa do desemprego, e non con tímidas melloras estacionais manchadas ademais pola precariedade; unha mellora dos salarios que permita reactivar o consumo e, polo tanto, o mercado interno; e, en xeral, unha mellora da calidade de vida da cidadanía galega, o que leva consigo a recuperación dos dereitos perdidos durante a crise.

ALGO ESTÁ FALLANDO

O crecemento económico é evidente. Se no ano 2007, previo ao estalido da crise, o PIB xerado en Galicia cifrábase en 56.502 millóns de euros, no ano 2016 esta cifra ascendeu aos 58.113 millóns de euros. Isto supón un incremento de 1.611 millóns de euros. É evidente que o crecemento é significativo e que este debería vir acompañado dunha mellora tamén do emprego pero non está sendo así. Algo está fallando.

De feito, no período comprendido entre o IV trimestre de 2007, previo á crise, e o último dato publicado, IV trimestre de 2016, hai en Galicia unha perda de máis de 146.000 ocupados. Galicia está entre as comunidades autónomas que máis emprego perde nestes anos, tan só superada pola Comunidade estremeña e Valencia.



Se no cuarto trimestre de 2007 o número de ocupados en Galicia ascendía a 1.196.000 persoas, esta cifra baixa a 1.049.600 persoas ocupadas no cuarto trimestre de 2016, o que supón unha perda de 146.400 ocupados, unha baixada dun 12,24 por cento.

Neste mesmo senso, resulta moi significativo que se a ocupación galega representa o 5,7 por cento do total do Estado, o emprego perdido entre 2007 e 2016 representa unha porcentaxe superior, o 6,6 por cento.

DENDE O 2007 AO 2016 O PESO DA REMUNERACIÓN DOS ASALARIADOS NO PIB BAIXA EN MÁIS DE TRES PUNTOS

Ao desagregar o PIB en termos de renda, obsérvase outra realidade certamente negativa para os traballadores asalariados galegos. Dende o cuarto trimestre de 2007 ata o terceiro trimestre de 2016 (último dato dispoñible) dáse unha perda de remuneración de asalariados ao pasar do 46,7 por cento ao 43,4 por cento.

Outra das variables que denota o estado real dos fogares galegos e que neste caso é moi negativa é a relativa ao desemprego. Se en Galicia no cuarto trimestre de 2007 o número de persoas paradas era de 96.400, esta cifra aumentou ata as 204.200 no cuarto trimestre de 2016. Unha dife-

renza de 107.800 persoas que supón un incremento dun 111,8 por cento.

O PARO DE LONGA DURACIÓN MEDRA DENDE O 2007 EN MÁIS DUN 300 POR CENTO E O DE MOI LONGA DURACIÓN EN MÁIS DUN 400 POR CENTO

Pero é que esta realidade é aínda máis insostible para os fogares galegos cando se fala do paro de longa duración ou moi longa duración. No primeiro caso, se no 2007 había 26.700 galegos que levaban un ano ou máis en situación de desemprego, esta cifra ascendeu a 118.900 no 2016, un incremento dun 345,3 por cento, 92.200 persoas máis.

Se se atende a aquelas persoas que levan no paro dous ou máis anos, a cifra absoluta no 2007 era de 16.000, subindo a 88.800 no 2016, un perigoso ascenso do 455 por cento, 72.800 persoas máis.

O DESEMPREGO EN GALICIA PARECE CONVERTERSE NUNHA SITUACIÓN ESTRUTURAL E IRRECUPERABLE, A PESAR DA MELLORA DAS ESTADÍSTICAS MACROECONÓMICAS

Son datos ofensivos para calquera sociedade que evidencian que o desem-



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

prego estase a converter nunha situación estrutural que parece irrecuperable a pesar da mellora das estatísticas macroeconómicas.

É aquí onde a Xunta ten que asumir xa a súa responsabilidade e poñer enriba da mesa todos os mecanismos necesarios para destruír dunha vez por todas o círculo vicioso do desemprego que se instaurou no mercado laboral galego. Hai que achegar aos fogares afectados, que están en serio risco de cruzar o limiar da pobreza e exclusión social, os instrumentos necesarios para paliar esta realidade e traballar para que o desemprego deixe de ser unha lacra da realidade sociolaboral galega.

De pouco serve que Galicia creza se este crecemento non vai acompañado da mellora da situación dos fogares galegos con máis e mellor emprego e con ingresos que garantan unha vida digna para a cidadanía que, de seguro, contribuirá ao con-

sumo interno e, polo tanto, á mellora da economía.

Dende UGT-Galicia considérase que chegou a hora de que a mellora da situación económica sexa percibida pola cidadanía no seu día a día e son os gobernos, os encargados da redistribución xusta da riqueza, os que terán que asumir a súa responsabilidade nunha situación na que ao banco séguelle a faltar a pata máis importante, a de creación de emprego digno e a garantía de que o xa existente teña a calidade suficiente para asegurar unha vida digna para os traballadores.

NOVO MODELO DE CRECIMENTO EQUILBRADO, SOSTIBLE E XERADOR DE EMPREGO DE CALIDADE

Neste contexto, dende UGT-Galicia reclámase un cambio das políticas económi-

cas para consolidar un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade, así como a diminución das desigualdades que, como mínimo, debería pasar por: unhas contas públicas ao servizo das persoas e apostar polo emprego de calidade cun cambio de políticas. Así, as políticas activas de emprego deben destinarse a elevar a empregabilidade das traballadoras e traballadores empregados e desempregados (formación, orientación, etc.) e non a bonificar a contratación das empresas.

A Xunta debe apostar xa dun xeito decidido por defender o sector industrial e incrementar o investimento en I+D+i en todas as actividades produtivas, incrementando o gasto público e creando unha estrutura de apoio estable á innovación. Urxe unha aposta clara pola revitalización industrial, o naval a industria electrointensiva e non deixando ó pairo dos mercados a sectores como o agrogandeiro e o pesqueiro.

FeSP-UGT ASINA UN ACORDO HISTÓRICO EN MATERIA DE EMPREGO PÚBLICO

Redacción.- FeSP-UGT asinou o Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público 2017. Trátase dun Acordo global que afecta por igual ao conxunto das administracións públicas (xeral, autonómica e local), a todos os empregados públicos (funcionario, estatutario, laboral), á gran maioría de sectores integrados na FeSP-UGT (sanidade, educación, xustiza, servizos sociais, policía local, administración penal, servizos públicos de emprego, investigación, etc.), e a todo o persoal cunha vinculación temporal coa Administración (interinos, eventuais, temporais, reforzos, indefinido non fixo, etc.)

O Acordo é o inicio dun proceso que habilita a redución da temporalidade nun 90%. O plan estabilizará a case 350.000 empregados públicos con contratos eventuais ou interinos: 130.000 traballadores da sanidade pública; 10.000 empregados de xustiza e máis de 100.000 docentes. A estas cifras sumaranse outros colectivos como servizos sociais, policía local, inspección e recadación, cuxo montante se cuantificará en cada ámbito. O Goberno permitirá ás comunidades autónomas convocar toda a oferta de prazas docentes (tamén as universitarias) antes da suposta aprobación dos PXE 2017. As comunidades autónomas tamén poderán convocar as de forzas e corpos de seguridade do Estado e policías locais.

De maneira complementaria, o Acordo contempla unha OEP de 67.000 prazas novas: 19.000 na Administración Xeral do Estado; case 29.000 nas comunidades autónomas; e ao redor de 20.000 nas entidades locais.

O plan permitirá repoñer todas as baixas, con taxa de reposición do 100% nun gran número de colectivos. Na Administración xeral do Estado inclúe como prioritarios aos pertencentes á tramitación do DNI, servizos públicos de emprego, tráfico, Fogasa e Seguridade Social, prestación directa do servizo de transporte público e seguridade e emerxencias.

Julio Lacuerda, secretario xeral da Federación de Empleado@s dos Servizos Públicos de UGT valorou positivamente o acordo, destacando que "moitos traballadores e traballadoras que hoxe teñen un contrato precario na Administración poderán satisfacer as súas aspiracións de estabilidade laboral nun prazo de 3 anos; falamos dunhas 350.000 prazas ofertadas para



consolidación de emprego".

Lacuerda advertiu tamén que se trata só dun primeiro paso, e que UGT non vai renunciar á recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos, que se sitúa ao redor dun 15%. "Ofrecémoslle ao Goberno un acordo plurianual para recuperar poder de compra". O Goberno cifrou nun 1% a subida salarial para o persoal ao servizo das Administracións en 2017, medida que conta coa oposición de todas as organizacións sindicais da Mesa.

O Acordo incorpora a creación de grupos de traballo encargados de negociar unha serie de materias moi importantes para o conxunto dos empregados públicos: mobilidade, formación, igualdade, mutualidades e implantación da administración dixital.

NORMALÍZASE A SITUACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO PERO SEGUE PENDENTE A RECUPERACIÓN DE SALARIOS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, considera que o Acordo Goberno-Sindicatos para a Mellora do Emprego Público 2017 permitirá á administración pública gañar calidade porque “para ser eficiente, para dar servizos aos cidadáns, necesita traballadores con estabilidade, que non estean pendentes da renovación do seu contrato”. Considera, ademais, que o Acordo consegue a normalización do emprego público: “O Goberno cambia de política, imos ter a reposición do cento por cento das prazas que vaian quedando vacantes e paréceme que é un paso moi importante na liña de normalizar a situación do país”.

Álvarez, con todo, considera “absolutamente insuficiente” o 1% de incremento sa-

larial fixado polo Goberno porque “perpetúa a perda de poder adquisitivo dos empregados públicos”, polo que “imos continuar coas mobilizacións e traballando para que os grupos parlamentarios modifiquen o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 que aprobará hoxe o Goberno”.

A pelexa para cambiar os PXE 17 empeza o venres

O secretario xeral de UGT non quixo valorar as cifras que se están adiantando porque “cando vexamos os orzamentos poderemos opinar. En todo caso, paréceme que estes PXE estarán moi lonxe das necesidades do noso país. De feito xa é atípico que o

Consello de Ministros aprobe uns orzamentos que nin sequera previamente comentaron coas organizacións sindicais. A pelexa por cambiar a lei de orzamentos empeza a partir do venres”.

Neste sentido, Álvarez adiantou que se mantiveron e seguiranse mantendo reunións cos grupos parlamentarios: “É cuestión de aproveitar as novas circunstancias que xera un Parlamento moi plural e que o Goberno entre nesa senda que xa tiña que entrar antes de presentar a lei de orzamentos, como fixo co emprego público, de negociación coa sociedade. Porque se negocia coa sociedade será moito máis fácil que logo teña consenso no Parlamento”.

QUEREMOS UN FUTURO DO TRABALLO QUE PERMITA TER UNHA SOCIEDADE MÁIS INCLUSIVA E XUSTA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que o futuro do mercado de traballo que o sindicato quere é “un futuro que permita ter unha sociedade máis inclusiva e xusta que non deixe a ningunha persoa atrás. Un futuro no que o pleno emprego, o traballo decente e a eliminación da pobreza e a desigualdade sexan os obxectivos principais das políticas económicas e sociais e os obxectivos que deben guiar o labor da Organización Internacional do Traballo no seu segundo século de existencia”.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións na Conferencia “O futuro do traballo que queremos” desenvolvida pola OIT, onde sinalou que este futuro pasa por un “progreso tecnolóxico que transformará o mundo do traballo. A confluencia do desenvolvemento da dixitalización, da robotización ou da intelixencia artificial é evidente e xa está a cambiar o mercado laboral”.

Pero este cambio está a supoñer unha maior precarización das relacións laborais, salarios máis reducidos e peores condicións de traballo. “Aumenta a incerteza e inestabilidade no emprego, non hai conciliación da vida laboral e familiar e hai uns evidentes riscos para a saúde laboral dos traballadores, entre outros efectos”.

Un desenvolvemento tecnolóxico que vai producir “unha perda de millóns de empregos en todo o mundo e que vai in-



crementar a figura do traballador pobre. Ademais, segundo os expertos, a riqueza que se derive do progreso dixital corre o risco de quedar en mans dunhas poucas persoas e non repartirse entre o conxunto da sociedade, algo que produciría a morte do noso modelo social e de dereito”.

Pepe Álvarez sinalou que estes efectos, “que se vaticinan a curto prazo (15-20 anos), caerían como unha lousa sobre un mercado de traballo xa moi debilitado polas últimas reformas laborais”. Por iso, afirmou que UGT “non quere este futuro do traballo que, por certo, parécese bastante ao presente. Non queremos un futuro gobernado pola mercantilización do traballo, o desemprego, a precariedade ou as desigualdades”.

“Non queremos”, manifestou, “unha sociedade na que os avances tecnolóxicos e dixitais utilícenos para aumentar o número de persoas sen emprego, para reducir a calidade do emprego ou para re-

baixar os salarios”.

“O que si queremos”, concretou, “é unha sociedade que non obstaculice o progreso dixital nin o avance das tecnoloxías, que o favoreza, pero dirixindo e orientando este progreso ao servizo das persoas. Unha sociedade na que os dereitos sociais fundamentais teñan prioridade sobre as liberdades económicas e na que os beneficios derivados do desenvolvemento dixital repártanse de maneira igualitaria”. Por iso, UGT propón un imposto finalista sobre a máquina que substitúe á persoa, co fin de que esa produtividade recaia sobre o conxunto da sociedade.

Todo iso grazas a uns sistemas fiscais e de financiamento da Seguridade Social adaptados á realidade das empresas e á situación do mercado de traballo “para garantir os ingresos necesarios que permitan manter un modelo social baseado no benestar dos cidadáns”, resaltou.

O GOBERNO UTILIZA A SINISTRALIDADE LABORAL PARA FINANCIAR A EMPRESAS E MUTUAS

Redacción.- O pasado venres 24 de marzo publicouse o Real Decreto 231/2017, do 10 de marzo, que derroga o RD 404/2010, polo que se regulaba o establecemento dun sistema de redución das cotizacións por continxencias profesionais ás empresas que diminuísen de maneira considerable a sinistralidade laboral.

Para UGT, as modificacións que introduce esta normativa van encamiñadas exclusivamente a financiar ás empresas e mutuas.

As empresas levan tempo reclamando a redución das cotas por continxencias profesionais e as mutuas solicitando un aumento do financiamento que reciben para a prestación por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns, así como a recuperación dun patrimonio histórico moi mermado.

Segundo esta normativa, as empresas poderán reducirse un 5% do importe das cotas por continxencias profesionais sen ter que facer nada para reducir a sinistralidade laboral ou a pesar de incumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais.

A norma exclúe deste Real Decreto a obrigaçión que establecía a anterior normativa de realizar actuacións efectivas na prevención dos accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, de maneira que se incentivará a inacción: a redución da sinistralidade non estará vinculada ás accións das empresas (investimentos en instalacións, proceso ou equipos en materia



de prevención de riscos; auditorías externas do sistema preventivo da empresa, plans de mobilidade viaria que sirvan como medida preventiva dos accidentes in itinere que son a segunda causa de mortalidade no traballo, etc).

Ademais, permítese recibir estes incentivos a empresas con infraccións graves en materia de prevención de riscos laborais, (en concreto permíteselles ata dous). Infraccións como, por exemplo, non informar á autoridade laboral dos accidentes de traballo ocorridos e as enfermidades profesionais declaradas, superar os límites de exposición a axentes nocivos (incluídos os carcinóxenos) con risco de danos graves para a seguridade e saúde dos traballadores, non realizar os recoñecementos médicos nin as probas de vixilancia, etc.

Deste xeito, a actividade preventiva suponse pero non se contrasta, xa que se acredita coa propia declaración da empresa pero sen que os delegados e delegadas de prevención teñan que dar a súa conformidade a esa declaración ou poidan realizar alegacións

á mesma, como era posible ata agora. O papel das mutuas como verificadoras destes requisitos queda en dúbida, xa que, son parte interesada en que as empresas resulten beneficiadas, debido a que se isto ocorre poderán percibir, previo acordo con estas, un 10% deses incentivos con cargo a incrementar o seu patrimonio histórico.

Por último, mentir nesta declaración non terá consecuencias. Anteriormente, as empresas que falseaban os datos relativos aos requisitos eran penalizadas coa exclusión en posteriores convocatorias destes incentivos. Neste Real Decreto só ten que reintegrar o incentivo percibido, é dicir, aquel que nunca percibirían porque non reunían os requisitos.

Por tanto, este Real Decreto incentiva a empresas e mutuas eliminando os controis que se establecían na anterior normativa sobre o cumprimento dos requisitos na redución da sinistralidade. Polo que podemos concluír que é unha normativa destinada exclusivamente ao financiamento das mesmas.

O SIMA TRAMITOU, EN 2016, UN 93% DE CONFLITOS LABORAIS

Redacción.- Durante 2016 o Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA) xestionou o 93% do total de conflitos que se produciron no seu ámbito de actuación, isto é, dos conflitos colectivos laborais de ámbito superior a unha comunidade autónoma.

O Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje, SIMA, fundación creada e xestionada polas organizacións empresariais e sindicais asinantes do ASEC no ano 1996, é a institución á que o Acordo sobre

Solución Autónoma de Conflitos Laborais (sistema extraxudicial) -ASAC- encomendou a xestión dos procedementos de mediación e arbitraje regulados no devandito Acordo.

No ano 2016 o SIMA tramitou 398 procedementos que afectaron ás relacións laborais de 3.273.663 traballadores/as.

Deles, as partes optaron pola mediación nun 99,5% dos casos, recorrendose á arbitraje en dúas ocasións.

Os expedientes de mediación foron promovidos maioritariamente pola representación dos traballadores/as (391 procedementos), mentres que a representación empresarial instounos en catro ocasións. Os tres expedientes restantes ata o total iniciáronse de mutuo acordo entre ambas as partes.

Constatouse, ademais, un incremento das mediacións levadas a cabo por un só mediador, que no exercicio de referencia alcanzou ao 43% dos procedementos.

Os PXE 2017 DEBEN DOTAR DO ENFOQUE DE XÉNERO A TODAS AS SÚAS PARTIDAS

Redacción.- UGT insiste na necesidade de incorporar a perspectiva de xénero tanto nos PXE 2017, como nos orzamentos das comunidades autónomas, para avanzar na igualdade entre homes e mulleres e establecer un Plan estratéxico de Igualdade de oportunidades, no marco do Consello de Participación da Muller. Un Consello que é preciso convocar de maneira urxente, pois non se reúne desde o ano 2015. O sindicato lembra que actualmente se destinan 18 millóns de euros menos que en 2009 á Igualdade entre mulleres e homes, o que repercutiu negativamente na situación das mulleres no mercado laboral. Un déficit que non pode permitirse ningún país avanzado.

No marco da negociación dos Orzamentos Xerais do Estado, e antes da súa aprobación, UGT considera que o Goberno da Nación e os gobernos das comunidades autónomas deben dar un paso máis na súa aposta pola igualdade entre mulleres e homes a partir do ano 2017 e iniciar unha estratexia de integración do enfoque de xénero nos Orzamentos Públicos, como vía complementaria e necesaria das políticas específicas de igualdade.

Os recortes nos PXE, ao capítulo de Igualdade entre mulleres e homes que se viñeron realizado desde o ano 2009 supoñen case 18 millóns de euros menos destinados a esta partida orzamentaria, e isto tivo como consecuencia un retroceso moi importante na estabilidade do emprego feminino, afectando á súa permanencia no mercado laboral.

UGT considera que é necesario abordar e combater, de maneira decidida e eficaz, as desigualdades por razón de xénero, establecer a transversalidade e a coordinación entre os distintos ministerios, consellerías e organismos para garantir resultados óptimos na implementación da igualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade.

A pesar dos esforzos realizados, os indicadores mostran aínda importantes desafíos pendentes en relación á igualdade de xénero. Doutra banda, a situación económica fai que sexa necesario mellorar a eficacia do gasto ante a existencia de recursos limitados. Neste contexto, o orzamento público móstrase como un instrumento imprescindible para integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas.

Faise necesario adoptar unha estratexia de longo alcance con capacidade para desenvolver liñas de traballo orientadas a incluír a dimensión de xénero en cada unha das políticas orzamentarias. O fío condutor desta estratexia debe formar parte do Plan Estratéxico de Igualdade de oportunidades, que debe elaborarse e aprobarse no marco do Consello de Participación da Muller. Nese sentido, esiximos a súa inmediata convocatoria xa



que este Consello non se reúne desde o ano 2015.

O informe tería como principal obxectivo valorar a incidencia das políticas públicas desde a perspectiva de xénero, así como visibilizar as medidas que, a través de ditas políticas, pónense en marcha cada ano, desde a administración pública, para corrixir os desequilibrios existentes entre mulleres e homes.

Paralelamente, existe a necesidade de implementar un sistema de traballo que achegue sustentabilidade e profundidade ao proceso de institucionalización da dimensión de xénero nos diagnósticos, definición, execución e seguimento das políticas orzamentarias.

É por iso que UGT insiste na necesidade de incorporar a perspectiva de xénero tanto nos PXE, como nos orzamentos públicos das comunidades autónomas, á vez que esiximos a convocatoria do Consello Estatal de Participación da Muller.

NON QUEREMOS DESTRUÍR A MÁQUINA, QUEREMOS REPARTIR OS BENEFICIOS QUE XERA

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que UGT está a favor do avance tecnolóxico, pero este, do mesmo xeito que a propia economía, ten que estar ao servizo das persoas, non ao servizo do mercado e os que controlan o mercado. Neste sentido, dixo que “non queremos destruír a máquina, queremos repartir os beneficios que xera a máquina”.

Álvarez, que fixo estas declaracións na xornada “Industria 4.0”, organizada pola Federación de Industria, Construción e Agro do sindicato, sinalou que esta materia non só afecta a área industrial, senón que “afecta a todas as actividades e ao propio modelo de sociedade no que vivimos”,

polo que desde o sindicato, que foi pioneiro en introducir este debate no noso país hai que dar unha visión global, ofrecendo solucións e alternativas. Neste sentido, sinalou que hai que entrar a fondo no debate para que España, “non perda a oportunidade de estar á cabeza dos que expoñen alternativas para protexer aos seus cidadáns e cidadás”.

O secretario xeral de UGT vaticinou, tamén, que “se o noso país quere salvar o sistema de pensións terá que entrar a debater en que medida é necesario que aquelas empresas que utilizan máis as tecnoloxías, que teñen menos man de obra para facturar máis, teñen que contribuír máis aos ingresos da Seguridade So-

cial”.

Advertiu que a globalización non pode servir de escusa e levarnos ao inmovilismo. Os efectos deste proceso tecnolóxico e dixital determinarán o futuro do traballo, é un reto mesmo que vai máis aló da primeira revolución industrial (época na que se estableceu a xornada de 8 horas, ou as vacacións).

A repartición do traballo, establecer novas figuras impositivas ás empresas tecnolóxicas que prescinden de empregados, o comercio en liña e as súas consecuencias, son asuntos que non son intrascendentes. É “un debate que debe formar parte do núcleo central das preocupacións da vida política e institucional do noso país”.

UGT ESIXE GARANTÍAS PARA QUE O BREXIT NON LESIONE OS DEREITOS DOS CIDADÁNS EUROPEOS EN REINO UNIDO

Redacción.- UGT esixe garantías sobre o mantemento dos dereitos dos cidadáns europeos e, en concreto, dos 200.000 españois que residen no Reino Unido, no día en que ese país inicia a súa saída da Unión Europea, xa que o Brexit colócalles nunha situación de debilidade. O sindicato advirte que as persoas non deben pagar o prezo das decisións políticas e sinala que fará todo o que estea na súa man para defender os intereses dos traballadores.

A Unión Xeral de Traballadores subliña que a Unión Europea terá que tomar as medidas necesarias para que o impacto do Brexit no mercado de traballo sexa o menos traumática posible para os cidadáns europeos e, en especial, para os preto de 200.000 españois que residen en Reino Unido.

O sindicato lembra que as propostas do Goberno británico en materia de inmigración e de dereitos dos nacionais da UE en Reino Unido non fan senón confirmar que serán as persoas as que paguen o prezo da decisión política de abandonar Europa. De feito, a primeira ministra, Theresa May, deixou ben claro que se establecerán límites cuantitativos e cualitativos á inmigración desde a UE, sinalando que o Reino Unido só recibirá a persoas con alta cualificación porque, segundo ela, "os migrantes fan baixar os salarios".

Con todo, non está tan claro que os traballadores británicos non vaian ver mermados os seus dereitos, xa que o Reino Unido non só sae do mercado único en termos económicos senón tamén termos sociais como a protección dos traballadores, os consumidores ou o medio ambiente.

Sería desexable un compromiso claro e contundente de que o Reino Unido garantiría a quen xa reside no seu territorio a permanencia no mesmo, aínda que estean en situación de desemprego ou non desempeñen postos de alta cualificación, e a igualdade de dereitos cos seus propios nacionais e destaca ademais que se debería asegurar que o país non se converterá nun competidor desleal da UE en ningún sentido porque iso podería dar lugar a unha onda de dumping salarial e social que percorrería todo o continente.

UGT utilizará todas as ferramentas ao seu alcance para defender os intereses destes traballadores pero négase a que na mesa de negociación só estean presentes os intereses comerciais e por iso esixirá que os sindicatos sexan un axente activo nas negociacións e potenciará a coordinación e colaboración cos sindicatos británicos e coa Confederación Europea de Sindicatos (CES).

Esta ruptura supón unha das crises máis importantes ás que debe facer fronte unha máis que debilitada UE e abre moitas incógnitas sobre o seu futuro.

A falta dun proxecto común en Europa e as políticas de austeridade levadas a cabo polos gobernos nacionais baixo o encargo de Bruxelas produciron un auxe do populismo e un descontento e unha desafección das persoas ás institucións europeas e os seus representantes que só se corrixirá se se



produce un xiro de 180 graos na UE.

A Unión Xeral de Traballadores reclama unha Unión Europea que afronte o drama do paro, da precariedade, da pobreza, da desigualdade, que se preocupe de asegurar unhas condicións de vida e traballo xustas e saiba afrontar os novos retos sociais, laborais e económicos poñendo ás persoas no centro das políticas.

UGT, ademais esixe que o Goberno español defenda os intereses das/os traballadoras e traballadores españois e non volva acordar un tratado comercial favorable ao capital que deixe na cuneta aos e as traballadoras, como fixo ao subscribir o vergoñoso acordo do Consello da Unión Europea con Reino Unido, asinado antes do referendo.

É imprescindible lograr unha Unión Europea máis solidaria, coherente e máis humana, que dea pasos decididos cara a unha Europa dos cidadáns e cidadás, en definitiva, unha Europa Social que antepoña os intereses dos seus cidadáns fronte aos intereses económicos, que poña por diante os dereitos das persoas fronte aos intereses das corporacións e as empresas e que loite, promova e defenda os dereitos dos seus cidadáns, especialmente dos máis desfavorecidos.

ACORDADO O TEXTO DEFINITIVO DO II CONVENIO ESTATAL DO METAL

Á espera de que a autoridade laboral o autorice

Redacción.- UGT-FICA, conxuntamente con CC.OO., acordaron o pasado 24 de marzo a redacción definitiva do II Convenio Estatal do Metal, realizado a partir do texto refundido elaborado polo Grupo Paritario de Redacción.

As partes asinantes confían en que a autoridade laboral dea o visto e praxe ao contido do mesmo e procedase á súa publicación no Boletín Oficial do Estado e poder dar así unha cobertura eficiente aos traballadores do sector.

UGT-FICA valora positivamente o acordo alcanzado sobre o texto definitivo, que substitúe ás 16 resolucións publicadas que conformaban o anterior convenio. O texto acordado ten vixencia para este ano, ao longo do cal se van a negociar as materias recollidas no artigo 12, xa que están pendentes de desenvolver.



UGT ESIXE Á MAIORÍA PARLAMENTARIA QUE DERROGUE O ARTIGO 315.3 DO CÓDIGO PENAL QUE CRIMINALIZA O DEREITO DE FOLGA

Redacción.- A Fiscalía decidiu desempoar un artigo en desuso e inspirado na etapa preconstitucional para perseguir o dereito fundamental á folga, o artigo 315.3 do Código penal, durante a folga xeral de 2012 ao Goberno da maioría absoluta do Partido Popular da anterior lexislatura. Hoxe cumprense 5 anos da folga xeral do 29 de marzo de 2012, convocada para protestar por unha reforma laboral que está a esnaquizarse o noso mercado de traballo, e aínda son decenas os sindicalistas que seguen procesados de maneira inxusta por participar naquela e outras mobilizacións, por delitos que non cometeron. UGT pide á maioría parlamentaria do Congreso que, do mesmo xeito que fixo coa Lei Mordaza, aprobe a derogación do artigo 315.3 do Código penal e modifique o mesmo para non se poidan utilizar outros artigos, como o 173, para perseguir o exercicio do dereito de folga.

Case 300 sindicalistas, 89 deles de UGT, foron procesados por exercer o dereito fundamental á folga. Na súa gran maioría pola súa participación nas folgas do 29 de setembro de 2010 e do 29 de marzo de 2012. Aínda que hai dúas folgas, a do transporte 2008 e a da limpeza de 2013 que afectan a 12 e 1 persoa respectivamente, aínda que a esta última só se lle acusa de falta.

Doutra banda, unha gran maioría dos procesos non terminaron e están pendentes de resolver os recursos presentados contra as correspondentes sentenzas dos xulgados do penal. Na maior parte dos casos, aos traballadores e sindicalistas acúsaselles de delitos de atentado contra a autoridade, desórdenes pú-

blicas e danos.

Por que sucede isto?

Esta persecución do dereito de folga forma parte dunha campaña do Goberno do PP, na anterior lexislatura, a través da Fiscalía Xeral do Estado e mediante medidas lexislativas contra as liberdades cidadás, así como un ataque continuo e sistemático a todo o movemento sindical. O Goberno do PP, utilizando a súa maioría absoluta, aprobou unha serie de reformas para acalar a protesta social (como a coñecida Lei Mordaza) e tentar criminalizar e castigar o dereito de folga, ao amparo dun artigo en desuso, como é o 315.3 do Código penal.

UGT insta á maioría parlamentaria do Congreso a que, do mesmo xeito que fixo coa Lei de Seguridade Cidadá (Lei Mordaza), desautorice ao Goberno do PP e aprobe a derogación do artigo 315.3 do Código penal e modifique o mesmo para que non se poidan utilizar outros artigos, como o 173, para perseguir o exercicio do dereito de folga.

Así mesmo, UGT lembra que esta cuestión non só afecta aos sindicatos, senón a todos os traballadores e traballadoras e ao conxunto dos cidadáns e cidadás. A sociedade ten que ter claro que este é un atentado contra a



súa liberdade e os seus dereitos e a súa capacidade de reivindicar e defender os seus intereses. Atentar contra estes dereitos é debilitar o noso sistema democrático.

Sete anos de cárcere e cinco de xuízo social

UGT lembra que o próximo 21 de xuño os sindicalistas de UGT Rubén Ranz e José Manuel Nogueiras ("os dous da praza da lealdade" como se lles coñece nos ámbitos do sindicato) serán xulgados por uns delitos que non cometeron, polos que lles piden sete anos de cárcere e polos que foron detidos inxustamente hai cinco anos por participar nun piquete informativo na praza da Lealdade de Madrid durante a folga xeral do 29 de marzo de 2012. Hoxe hai cinco anos de detención e supuxo cinco anos de xuízo e condena social para estes sindicalistas, que eles e as súas familias están a sufrir desde entón indefensión ante esta situación e o temor por un xuízo que parece que se celebrará en xuño.

O GOBERNO ESTÁ OBRIGADO A MOVER FICHA EN MATERIA DE PENSÍONS

Redacción.- A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, manifestou que "a mesa de diálogo social en materia de pensións está en stand by" pero que desde o sindicato "entendemos que a pelota está no tellado do Goberno desde o pasado día 14, coa aprobación no pleno do Congreso da proposición non de lei que esixiu ao Executivo que derogase tanto o índice de revalorización como o factor de sustentabilidade e que recuperase a revalorización das pensións ao IPC. Exactamente o que expomos na mesa de negociación".

"É o Goberno o que ten que mover ficha

posto que non ten a maioría nin no Pacto de Toledo nin, por suposto, na mesa de negociación, e ten que dar algún paso en ambas as direccións para levar a cabo o que lle pide a maioría parlamentaria", engadiu.

Ademais, no día en que se coñeceu a cifra do déficit da Seguridade Social, Mari Carmen Barrera insistiu en que "as contas da Seguridade Social non están claras e que todo o déficit que soporta non é de gasto en pensións, de feito, hai máis de 10.000 millóns de euros que pertencen a políticas de subvencións do Goberno de réximes especiais que nada teñen que ver co réxime xeral e outra serie de políticas como as bonificacións a

empresas, gastos da Seguridade Social, etc. Se a Seguridade Social ingresase todo o que ten que ingresar e gastase só o que ten que gastar, non tería o déficit que ten.

A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT realizou estas declaracións nun almuerzo informativo no que se anunciou a creación dun grupo de traballo para o estudo da Seguridade Social -"Estudios sobre pensións suficientes, Seguridade Social Universal e Democracia"-, constituído por académicos, xuristas, demógrafos e investigadores que ofreceron o seu proxecto á Fundación Francisco Largo Caballero e que obtivo o respaldo de UGT.

UGT ESIXE AO GOBERNO QUE RETOME O ACORDO SOBRE EMPREGO DOMÉSTICO QUE AVANZOU NA EQUIPARACIÓN DE DEREITOS

Redacción.- No Día Internacional da Traballadora do Fogar, a Unión Xeral de Traballadores lembra que este sector de actividade que emprega a máis de 600.000 persoas -das que preto dun 90% son mulleres- caracterízase pola precariedade, a falta de dereitos, a escasa protección social e a ausencia de recoñecemento na sociedade. UGT esixe ao Goberno que retome a senda iniciada para a equiparación de dereitos co acordo de diálogo social, que deu lugar á regulación vixente desde 2012 "que el mesmo truncou- e insiste en que España ratifique o Convenio 189 da OIT sobre traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos. O sindicato demanda, entre outras cuestións, a necesaria profesionalización do sector e medidas por parte da Administración para que a parte empregadora teña a obrigaçión de dar de alta na Seguridade Social a estes traballadores.

O 30 de marzo celebrouse o Día Internacional da Traballadora do Fogar. UGT lembra que o camiño cara á equiparación de dereitos iniciouse cun acordo de Diálogo Social ao redor da Seguridade Social e a relación laboral, que deu lugar á regulación vixente desde 2012. Ese debía ser o inicio dunha serie de modificacións pero truncouse co Goberno do Partido Popular que non convocou o grupo de expertos tripartito que debía abordar cuestións como a posibilidade de establecer un sistema de protección por desemprego ou acabar coa desistencia sen causa como forma de dar por terminada a relación laboral e revertiu parte da reforma de Seguridade Social, ao permitir a partir de abril de 2013 que, por acordo das partes, puidese ser, de novo, a traballadora a responsable do alta e o ingreso da cotización nos supostos de traballo para varios empregadores.

O sindicato lembra a desprotección á que se ve sometida esta relación laboral, que inclúe tarefas domésticas pero tamén coidados persoais e todas estas actividades valóranse e retribúense de igual forma; é unha actividade excluída da lei de prevención de riscos laborais e que, polo feito de que o traballo se desenvolve nun fogar particular, a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social vese dificultada, cando non imposibilitada. Característica, esta última, que comparten todas as traballadoras e traballadores que por conta de empresas ou administracións dedícanse igualmente aos coidados persoais ou tarefas domésticas en condicións igualmente precarias.

Neste contexto, a Unión Xeral de Traballadores reivindica:

- A ratificación por parte de España do Convenio 189 da OIT sobre traballo de-



cente para as traballadoras e traballadores domésticos.

- O cumprimento da obrigaçión establecida no Real Decreto 1620/2011 que regula a relación laboral especial de constituír un grupo tripartito para abordar a prestación por desemprego, a desaparición do desestamento e cuestións como a prevención de riscos laborais e medidas alternativas para facilitar a actuación da Inspección de traballo.

- A necesaria profesionalización do sector, separando tarefas e establecendo salarios adecuados para cada unha delas.

- Que sexa sempre obrigaçión da parte empregadora a alta e ingreso da cotización, adoptando a Administración as medidas necesarias para facilitar o cumprimento destas obrigaçións.

Algúns datos relevantes

Segundo datos de 2016, hai preto de 624.000 persoas asalariadas en fogares que utilizan persoal doméstico, das que un 88% eran mulleres.

Do total de persoas asalariadas, 330.300 (52'9%) traballan a tempo parcial, porcentaxe que sobe ao 56'9% no caso das mulleres asalariadas nesta actividade.

En decembro de 2016, o 44'2% das persoas afiliadas ao sistema especial de empregados de fogar, tiñan nacionalidade estranxeira. O 95% das 427.845 persoas afiliadas ao sistema especial eran mulleres e delas o 43'3% tiñan nacionalidade estranxeira.

Ademais, a pensión de xubilación no sistema especial de empregados de fogar é a máis baixa de todo o sistema da Seguridade Social, coa excepción do réxime residual do S.O.V.I. O 64'3% das pensións de xubilación do sistema especial de empregados de fogar necesitan complementos a mínimos. Por conceptos, é tamén o sistema onde a pensión de xubilación inicial representa a menor porcentaxe: só o 45'2% do importe total, corresponde á pensión inicial, o 23'4% corresponde a revalorizacións

e melloras e o 31'3% do importe total da pensión son complementos a mínimos.

Tamén na precariedade da protección social hai diferenzas por sexo. Mentres a pensión media de xubilación en 2015 dunha muller no sistema especial de empregados de fogar foi de 519'54 euros, no caso dos homes o importe era de 544'39 euros. Ambos os sexos comparten que a súa pensión de xubilación é a máis baixa en mulleres e homes de todo o sistema da Seguridade Social.

A precariedade na protección social, neste caso da pensión de xubilación, está directamente relacionada coas condicións de emprego, e cos dereitos desta actividade laboral. A ausencia de protección por desemprego que levan a atrasar a xubilación, a crise económica e social e o desmantelamento do noso, xa de por se precario sistema de benestar, arrojan datos como que no ano 2015 o 22% das persoas afiliadas ao sistema especial tiñan máis de 55 anos, fronte ao 13'3% que representaba este intervalo de idade nas persoas afiliadas ao Réxime Xeral. Unha porcentaxe que só é superada polo Réxime Especial de Traballadores Autónomos cun 23'5% de afiliados maiores de 55 anos.

Tamén na comparativa con outros estados membros, no ano 2015 España sitúase no segundo lugar, tras Italia, en número de ocupados no emprego doméstico maiores de 50 anos. Segundo datos de Eurostat, das 618.600 persoas ocupadas no traballo doméstico en España en 2015, 213.800 (o 34'5%) tiñan máis de 50 anos.

O nivel da protección social está directamente relacionado, non só coas cotizacións neste sistema, senón cos salarios percibidos. Mentres que o salario medio bruto mensual total do conxunto de ramas de actividade creceu desde o ano 2008 en 119 euros (de 1.774 euros a 1.893 en 2015), na rama dos fogares como empregadores de persoal doméstico, descendeu en 111 euros (un 12% menos), de 857 euros en 2008 a 746 euros en 2015, unha perda que afecta especialmente ao traballo doméstico a tempo parcial, cuxo salario medio pasou de 523 euros en 2008 a 346 en 2015, un 33% menos.

FICA ASINA CON REPSOL UN ACORDO MARCO QUE PREVÉ INCENTIVOS PARA OS TRABALLADORES QUE PARTICIPEN NA PARADA TÉCNICA

Este debería ser un paso previo á integración deste modelo de incentivos no Convenio provincial de Metal-Coruña para impedir a competencia desleal entre as empresas que prestan servizos nas paradas técnicas de Repsol-Coruña

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro (FICA-UGT), xunto coa súa homóloga de CCOO, veñen de asinar un Acordo marco para desenvolver durante a parada técnica programada na refinería de Repsol-Coruña.

Este acordo establece un plus por desimpegno que se aboará por parte das empresas que participen na devandita parada técnica aos traballadores, independentemente da súa categoría profesional, que interveñan neste proceso de parada, é dicir,

que estiveran presentes no complexo petroquímico no momento da mesma.

Concretamente, o acordo establece un incentivo de 27,17 euros por día de parada, entre o luns e venres. Por traballos realizados en sábados, domingos e festivos o incentivo será de 59,77 euros por cada unha das xornadas.

De forma adicional, á finalización da parada, aboaráse un incentivo de 5,43 euros por día de parada, supeditado ao cum-

primento dos índices de frecuencia, supeditados pola propiedade, e que serán comunicados aos representantes dos traballadores ao inicio da parada.

Para FICA-UGT, este debería ser un paso previo á posible integración cunha achega similar dentro do Convenio provincial de Metal de A Coruña. Isto impediría a competencia desleal entre as empresas que prestan os seus servizos nas diferentes paradas técnicas que se desenvolven nas instalacións de Repsol-Coruña.

UGT- FICA urxe un Plan Estratéxico para Navantia

Redacción.- A Federación considera prioritario garantir tanto a viabilidade e o futuro da compañía como o mantemento do emprego e dos centros de traballo

O secretario xeral de UGT- FICA, Pedro Hojas, urxiu á presidenta da Sociedade Estatal de Participacións Industriais, Pilar Platero, a abordar e negociar cos sindicatos un Plan Estratéxico para Navantia, tal e como vimos reivindicando desde hai meses. Na reunión mantida con SEPI, conxuntamente con CCOO de Industria, abordáronse asuntos xerais que afectan ao ámbito de actuación e aos distintos sectores da nosa Federación e de SEPI.

Para UGT-FICA, o Plan Estratéxico de Navantia é prioritario para garantir tanto a viabilidade e o futuro da compañía, como o mantemento do emprego e dos centros de traballo.

A Federación recibiu con satisfacción que desde SEPI compartan a nosa preocupación pola situación que actualmente atravesamos Navantia, así como a necesidade de abordar urxentemente a negociación dun Plan Estratéxico coas organizacións sindicais, para ga-



rantir o futuro do grupo.

UGT-FICA aposta polo mantemento do emprego e dos centros de traballo como obxectivos fundamentais, ademais da capitalización da compañía; un plan de incorporación de mozos cun plan de formación e cualificación; plan industrial, garantindo cargas de traballo, plan comercial, diversificación das actividades, mantemento das capacidades tecnolóxicas e industriais, industria 4.0; plan financeiro; políticas de I+D+i para facer unha Navantia rendible, produtiva e competitiva; políticas do Ministerio de Defensa nos PXE, como investimento e fortalecemento da industria de defensa naval; e a negociación dun novo convenio colectivo único.

Covirán, por segunda vez, condenada a readmitir ao Delegado de UGT despedido

Redacción.- O delegado de persoal de UGT, inxustamente despedido, manterá o seu emprego grazas ao novo si do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tras máis dun ano de loita no centro de traballo de Covirán en Santiago de Compostela, unha vez máis, UGT ten razón, e xa van tres de tres.

O Tribunal Superior de Xustiza, que tras o recurso presentado pola empresa Covirán á sentenza do Tribunal de Primeira Instancia N°3 de Santiago de Compostela, onde declaraban nulo o despedimento do noso compañeiro e delegado de persoal na empresa Covirán, lembremos despedido o 23 de decembro de 2015, de novo falla a favor do traballador e condena de novo á empresa Covirán á reincorporación do traballador ou ao pago de indemnización, a elección do traballador. Deixando detalladamente clara a inocencia do mesmo a pesar da insistencia por parte da empresa para condenalo sen argumentos de culpa e apoiándose en todo tipo de atropelos aos dereitos dos traballadores.

Esperemos, esta vez si, que a empresa Covirán por fin decidase a escoitar a versión dos traballadores antes de aplicar sancións e despedimentos baseados única e exclusivamente na fe cega que teñen nos seus responsables, que no caso de Santiago de Compostela, consideran que unha empresa funciona á marxe da lei e que son só as súas normas as que valen.

Continúan as mobilizacións en Vego Supermercados

Redacción.- Os traballadores do grupo Vego-supermercados abriron un calendario mobilizador para denunciar os despedimentos que se están producindo en Eroski Center, City e Familia e como mostra de solidariedade cos afectados. A primeira mobilización tivo lugar o día 21 no Familia de Comesaña en Vigo; o 24 a do Eroski de Mos (foto); e hoxe haberá outra no Economato de Citroen.

